

*M<sup>a</sup> do Carme Krukenberg*

Dende sempre, dende que o mundo è mundo estivemos ollando pra luz, e non comprendimos ise fenómeno tan apaixoante, durante todo ise período de tempo preguntàbamonos ¿Que è a luz? Quizais hoxe ninguén se faga isas consideracións porque a vemos todolos días como a cousa mais natural que acontece na nosa existencia. Pero a luz e a base dese descubrimento que pouco a pouco deuse en chamar fotografía.

Moitos foron os estudiosos dese "aparello milagreiro", onde quedamos fronte a fronte miràndonos o que realmente somos, descorrendo a cortiña dos nosos propios sentimentos, coma nuhn espello, pero permanentes naquela postura que tiñamos, mentres un pequeno caixón roubou a luz para misturala en imàxen.

Os historiadores danlle a prioridade deste descubrimento a Juan Bautista Della Porta, un "feiticeiro" napolitano. Outros falan do filósofo e matemático árabe Alhagen. Os que mais, pensan que foi León Battista Alberti; sen esquencer, por suposto, os dibuxos premonitores, (como tantisimas cousas), da "caixa" de Leonardo da Vinci. O camiño ata hoxe, foi longo, diríase que longuísimo, as voltas descorazonador, pero o home è incansable na súa andadura creativa. Viñeron visionarios e científicos como: Scheele, Wodgwood, Ritter, Chaussier, Devy... e finalmente Nicefaro Niepce, a quen podemos chamar o primeiro fotógrafo da historia percorrida. Ou sexa o primeiro fotógrafo do mundo. Realmente o traballo foi moi difícil, complicado e froito de moitos homes que persistiron incansablemente na súa tarefa. Engadindo pezas, abrindo e pechando a luz ata que Zeiss maravillou o mundo cas súas lentes. Así que, dende os primeiros ensaios ata os nosos días podemos dicir que se chegou

case que a unha perfección, nembargantes ástas consideracións serían absurdas dentro de cen anos, xa que o camiño futuro é simplemente imprevisible.

E con esta pequena introducción e recordo os pioneiros desta nova arte, chegamos a Mary Quintero, o nome que nos ocupa hoxe e aquí. Ela é a descendente directa daquela primeira muller fotógrafa, Julie Margaret Cameron, da que pouco se falou e fala na historia da imaxe impresa.

Naceu Mary Quintero en Melide, pero de moi nena trasládase a familia a Lugo. É filla así mesmo de fotógrafos co cal podese dicir que a súa vida descorreu entre focos, máquinas, cámaras obscuras, color...

Estuda en Lugo e en Madrid dibujo e pintura, unha das súas paixons, e tamén todos os segredos da fotografía e das novas tendencias que veñen de Europa e América.

Casada e nai de catro fillos, que tivo que compaxinar coa súa tarefa de fotógrafa. Biberons e negativos pendurados como radiografías xunto a pañales e positivos coloreados, e traballo e mais traballo. Chega a Vigo ala polos anos 1954-55, instalándose na rua de Urzaiz onde aínda ten hoxe o seu estudo, daquela tamén a súa vivenda.

Como profesional realiza un sen fin de demostracións o longo de todas as Comunidades Autónomas de España. Na súa xa longa carreira artística, recibiu numerosos premios e distincións dos que podemos destacar:

Premio Kodak, "Concurso noiva do ano".

Homenaxe na Coruña os fotógrafos galegos.

Granada de ouro concedida pola Asociación Profesional Andaluza.

No Principado de Andorra, onde retrata a diversas personalidades incluíndo o Presidente, recibe a medalla de MERIXEL=

Master de popularidade 1985.

No 1986 Congreso Internacional de Chalon-Sur-Soane de Francia.

No mesmo 1986 Congreso Club de Fotógrafos Profesionales de Portugal en Oporto.

1989 Premio nacional polo libro "Album do Entroido".

Elexida entre os fotógrafos españoles "Fotógrafo do ano 1990.

Representación de España en Moscú a petición da Oficina Cultural Rusa.

**IV** Convención Nacional de Fotógrafos EXPOFOT 1993 en Venezuela.

Xurado polo primeiro libro de fotografía publicado pola Asociación de Fotógrafos de Colombia.

I Congreso Internacional, IV Nacional de Oviedo.

Viguesa distinguida 1994

Congreso de México 1994.

Con iste Curriculum de dedicacion absoluta o seu traballo, presenta hoxe iste ramallo de retratos con moitos personaxes desta terra nosa que ela ama tantísimo. A súa personalidade, dedicación e fervor polo traballo ben feito fai de Mary Quintero unha das profesionales mais destacadas do noso país.

Para min foi un motivo de lelicia o feito de habere sido elexida por ela para facer ista breve e un pouco deslavazada presentación pero feita, eso si, con grande agarimo. De Mary Quintero podese falar moitísimo mais, destacando as súas enormes cualidades como persoa e como artista da fotografía. Pero o mais importante dela está ehi na súa obra. Na súa grande obra.

Gracias pola vosa atención.

Ma do Carme KRUCKENBERG

*M. C. Kruckenberg*